

O SERGAS presenta medidas económicas urxentes en Atención Primaria coas que pretende retribuír mellor a sobrecarga actual dos centros.

Na Mesa Sectorial do 14 de xuño a Dirección de Recursos Humanos presenta as seguintes medidas:

☑ **Intersubstitución:** para médico/a de familia, pediatra, fisioterapeuta, odontólogo/a, enfermeiro/a e **inclúese á matrona**. Propoñen unha subida do 70% ao 90% das retribucións da persoa ausente.

☑ **Prolongación de xornada:** para médico/a de familia, pediatra e enfermeiro/a. Propoñen o pago de 200€ por 4 horas de prolongación en médicos/as, e 130€ en enfermeiros/as. O valor hora pasaría de 46€ a 50€/hora na medicina de familia e de 30€ a 33€/hora na enfermería. Ante a disparidade de criterios nas xerencias sobre como se aplican estes complementos, propoñen negociar un procedemento para a xestión destes conceptos, establecendo criterios de cobertura.

☑ **Complemento de produtividade, modalidades F e G:** Incremento dun 40% do valor

Modalidade F.- Polo desempeño de postos de traballo situados en localidades consideradas como especialmente illadas, tendo en conta a súa distancia respecto das grandes cidades ou núcleos de poboación importantes e dos centros hospitalarios correspondentes, sempre que o traballador acredite residir na devandita localidade. Considéranse, para estes efectos, como localidades incursas na devandita condición as que se determinen nas disposicións que desenvolvan o presente decreto.

- **en médicos/as 229,28€ e en enfermeiros/as 114,63€.**

Modalidade G.- Polo desempeño de postos de traballo en condicións de soidade, que se entenderá como aquela circunstancia en que se dea a inexistencia doutro médico xeral ou profesional ATS/DUE que preste servicios no mesmo concello.

- **en médicos/as 343,92€ e en enfermeiros/as 171,96€.**

Recoñecemento de 28 novos centros como de difícil cobertura: Actualmente, as modalidades F e G afectan a 100 médicos/as de familia, 54 pediatras e 100 enfermeiros/as. Cos novos centros incrementaríanse en 34 médicos/as, 11 pediatras e 48 enfermeiros/as.

☑ **Nova modalidade de prolongación:** Con carácter voluntario, proposta de distribuír as cartillas das cotas das prazas vacantes (sen cubrir) de Medicina de Familia, a razón **dun máximo de 300 a cada profesional**, prolongando en 4,5 horas a xornada **unha vez á semana**, e cunha **compensación económica de 10.000€/ano**.

CIG- Saúde expuxemos que entendemos a necesidade de tomar **medidas urxentes**, pero as citadas **non solucionan o problema nos centros xa que non incorpora profesionais ao traballo habitual**, só retribúe “un pouco” máis o traballo que se realiza.

CIG-Saúde tamén solicitamos a **garantía da cobertura do 100% das ausencias de PSX**, así como tamén que se valore a carga de traballo destes profesionais e dotar aos centros co persoal necesario. E non estamos a falar dunha categoría deficitaria...

CIG-Saúde esixiu que se continúe canto antes coa negociación do Plan de Ordenación con medidas a curto, medio e longo prazo, xa que, como evidencian os datos, o déficit de profesionais, tanto de Médicas/os de Familia como de Enfermeiras/os, vaise manter no tempo e **é urxente aportar medidas** para corrixir a situación na que se atopa a Atención Primaria!